



| Guía Docente          |   |                    |  |           |
|-----------------------|---|--------------------|--|-----------|
| Datos Identificativos |   |                    |  | 2023/24   |
| Asignatura (*)        | Idioma Moderno 2: Alemán  |                    | Código                                   | 613G03055 |
| Titulación            | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios   |                    |  |           |
| Descritores           |   |                    |  |           |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                                     | Créditos  |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Terceiro           | Optativa                                 | 4.5       |
| Idioma                | Alemán  |                    |  |           |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |  |           |
| Prerrequisitos        |   |                    |  |           |
| Departamento          | Letras  |                    |  |           |
| Coordinación          | Martín Cancela, Elena   | Correo electrónico | e.mcancela@udc.es                        |           |
| Profesorado           | Martín Cancela, Elena<br>Martín Cancela, Elena  | Correo electrónico | elena.martin@udc.es<br>e.mcancela@udc.es |           |
| Web                   |   |                    |  |           |
| Descrición xeral      | <p>A materia está concibida como unha disciplina de continuación da lingua alemá básica e do coñecemento non só da lingua senón tamén dos aspectos culturais dos países de fala alemá.</p> <p>Ao final do curso espérase alcanzar as competencias do nivel A2, segundo o especificado no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas do Consello de Europa.</p> |                    |  |           |

| Competencias do título |  |
|------------------------|--|
| Código                 | Competencias do título   |
| A1                     | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.   |
| A2                     | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.   |
| A5                     | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.  |
| A8                     | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.  |
| A9                     | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.   |
| A10                    | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.  |
| A15                    | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.   |
| A18                    | Dominar a gramática da lingua inglesa.   |
| B1                     | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.   |
| B2                     | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.   |
| B3                     | Adquirir capacidade de autoformación.  |
| B4                     | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.   |
| B5                     | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.  |
| B6                     | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.   |
| B7                     | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.  |
| B8                     | Apreciar a diversidade.  |
| B10                    | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.  |
| C2                     | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C3                     | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4                     | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6                     | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |

| Resultados da aprendizaxe |                        |
|---------------------------|------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título |
|                           |                        |



|   |  |                            |          |
|---|--|----------------------------|----------|
| Atopar e empregar de xeito crítico as ferramentas básicas das TIC para producir discursos orais breves en lingua alemá sobre temas de interese persoal e académico. | A8<br>A10<br>A15                         | B1<br>B2<br>B4<br>B6<br>B7 | C3       |
| Empregar de xeito crítico as ferramentas das TIC para producir textos escritos breves en lingua alemá sobre temas de interese persoal e académico.                  | A8<br>A10<br>A15                         | B1<br>B2<br>B4<br>B6<br>B7 | C3       |
| Desenvolver a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do alemán co idioma propio.  | A1<br>A2<br>A5<br>A8<br>A9<br>A10<br>A15 | B3<br>B5<br>B6<br>B7       | C2<br>C6 |
| Desenvolver a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das mentes que falan o idioma estranxeiro e alleos.   | A18                                      | B8<br>B10                  | C4       |

| Contidos                     |   |
|------------------------------|---|
| Temas                        | Subtemas  |
| Auskünfte in der Stadt       | Imperativ. Adjektiv deklination. N-Deklination. Steigerung Adjektive und Adverbien. |
| Früher, jetzt in der Zukunft | Relativsätze, Präteritum, Perfekt, Futur II.  |

| Planificación          |  |                   |   |              |
|------------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias   | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas               | A2 A10 B1 B2 B3 B5<br>B7 C3 C6                           | 0                 | 12  | 12           |
| Traballos tutelados    | A1 A2 A5 A8 A10 A15<br>B3 B5 B6 B7 C3 C6                 | 3                 | 17.5                                      | 20.5         |
| Sesión maxistral       | A5 A8 A15 A18 B1 B4<br>B5 B6 B7 C2 C3 C4<br>C6           | 8                 | 4   | 12           |
| Proba mixta            | A1 A2 A8 A10 A15 B6<br>B7 C2 C4 C6                       | 2                 | 15  | 17           |
| Presentación oral      | A2 A8 A10 A15 B4 B5<br>C2 C4                             | 2                 | 15  | 17           |
| Obradoiro              | A1 A2 A5 A8 A10 A15<br>B3 B5 B6 B7 B8 C3<br>C6           | 8                 | 0   | 8            |
| Discusión dirixida     | A1 A2 A5 A8 A9 A10<br>A15 B3 B4 B5 B6 B7<br>B10 C2 C3 C6 | 8.5               | 12  | 20.5         |
| Atención personalizada |  | 5.5               | 0   | 5.5          |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



| Metodoloxías        |   |
|---------------------|---|
| Metodoloxías        | Descrición  |
| Lecturas            | O alumnado deberá consultar diferentes materiais fora da aula para a adquisición e asimilación dos contidos, así como para a correcta realización de diferentes actividades.  |
| Traballos tutelados | O estudantado deberá realizar unha serie de traballos escritos relacionados cos temas tratados na aula. O número de ditos traballos e a súa extensión serán fixados polo profesorado na aula.   |
| Sesión maxistral    | Sesións teóricas impartidas polo profesorado sobre os contidos da materia.  |
| Proba mixta         | Proba escrita con preguntas de tipo diverso que permita coñecer e avaliar os coñecementos e competencias adquiridas polo alumnado.  |
| Presentación oral   | Presentación pública oral dun tema proposto polo profesorado.   |
| Obradoiro           | Sesións centradas no desenvolvemento das prácticas de comprensión lectora e produción escrita, nelas se dará corrección de exercicios, resolución de dúbidas e abordaranse as dificultades na elaboración de textos orais e escritos en lingua alemá.   |
| Discusión dirixida  | Clases e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais. Faranse actividades nas que o alumnado, de xeito individual ou en grupo, poñerá en práctica a expresión e comprensión orais. Será de especial relevancia a participación activa de todo o alumnado nestas sesións e serán tidas en conta para a cualificación final da materia. |

| Atención personalizada   |   |
|--|---|
| Metodoloxías   | Descrición  |
| Traballos tutelados<br>Discusión dirixida<br>Presentación oral | A atención personalizada dependerá da metodoloxía empregada e das necesidades do alumnado. Realizarase de xeito conxunto na aula e tamén de maneira individual. |

| Avaliación          |  |  |               |
|---------------------|--|--|---------------|
| Metodoloxías        | Competencias   | Descrición   | Cualificación |
| Traballos tutelados | A1 A2 A5 A8 A10 A15<br>B3 B5 B6 B7 C3 C6                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumnado deberá entregar un mínimo dun 80% dos traballos obrigatorios, de non ser así a cualificación desta parte será de 0.</li> <li>- Na avaliación atenderase a aspectos gramaticais, contido e estruturas traballados na aula, así como á presentación dos mesmos en forma e data, seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado na aula.</li> <li>- Non se aceptará ningunha entrega fóra de prazo ou que non siga as canles e formato de entrega indicados polo profesorado.</li> </ul> | 30            |
| Discusión dirixida  | A1 A2 A5 A8 A9 A10<br>A15 B3 B4 B5 B6 B7<br>B10 C2 C3 C6 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O aproveitamento e participación activa nas aulas será o principal punto a ter en conta na valoración deste apartado.</li> </ul>  | 10            |
| Proba mixta         | A1 A2 A8 A10 A15 B6<br>B7 C2 C4 C6                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>- A proba mixta constará de dúas partes:               <ul style="list-style-type: none"> <li>a.- Exercicios de contido gramatical.</li> <li>b.- Expresión escrita e comprensión lectora.</li> </ul> </li> <li>- Será necesario obter unha nota mínima de 4 sobre 10 en cada unha das partes para superar a proba.</li> <li>- En caso de obterse unha nota inferior a 4 nalgunha das partes, a cualificación final da proba non poderá ser superior a 3.5 sobre 10.</li> </ul>                              | 45            |
| Presentación oral   | A2 A8 A10 A15 B4 B5<br>C2 C4                             | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizarase unha proba oral final pública tipo presentación e/ou entrevista que se realizará na aula nos últimos días do curso.</li> <li>- Para a avaliación da devandita proba atenderase á corrección gramatical, aspectos fonéticos, estrutura e contido do discurso, así como á comprensión oral do alumnado.</li> </ul>  | 15            |



## Observacións avaliación

### Requisitos para superar a materia en 1ª oportunidade

Realizar a presentación oral final. De non realizala, o/a alumno/a será cualificado como Non Presentado na acta. Obter unha cualificación de 5 sobre 10 no cómputo global das actividades, cunha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba mixta. De non cumprirse estes requisitos, a cualificación final da materia non poderá ser superior ao 4.5 sobre 10. 2ª Oportunidade

As persoas que non superasen ou se presentasen a proba mixta e/ou a presentación oral na 1ª oportunidade deberán repetila na data oficial establecida para esta oportunidade. As persoas que non entregasen ou superasen os traballos tutelados deberán recuperalos mediante actividades similares. O estudantado deberá poñerse en contacto co/coa responsable da materia para concretar as características das actividades (pautas, temática e datas). A porcentaxe correspondente á actividades presenciais na aula (discusión dirixida 10%), recuperarase mediante actividades acordadas co profesorado. Convocatoria adiantada

A distribución da avaliación será a seguinte: 45% proba mixta, 15% presentación oral (a concretar co profesorado) e 40% traballos tutelados (a concretar co profesorado). Cualificación de Non Presentado

Calquera que sexa a oportunidade e/ou convocatoria, todo/a alumno/a que non se presente á proba oral e/ou mixta será cualificado como Non Presentado. Alumnado con recoñecemento de dispensa académica

O alumnado con recoñecemento de dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Art. 2.3; 3.b e 4.5)" deberá entregar e realizar as mesmas actividades e probas que o resto do alumnado e na mesma data. Poderase establecer unha data diferente para a proba oral no caso de que estivese debidamente xustificado. A porcentaxe na avaliación das actividades na aula sumarase á presentación oral, quedando distribuídas as porcentaxes do seguinte modo: Presentación oral (15%), Traballos Tutelados (40%), Proba Mixta (45%). Prácticas ilícitas e fraude académica

Os traballos ou probas nos que se detecten prácticas ilícitas (uso de tradutores automáticos para a elaboración de traballos tutelados, plaxio, etc.) suporán un 0 na parte avaliábel da materia. Ao/a alumno/a que incorra en fraude académica aplicaráselle a sanción correspondente recollida no "Regulamento disciplinar do estudantado da UDC" (art. 11, apartado 4. b)). Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao emestrado universitario" artigo 14.

## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | Werner, G. (2001). Grammatiktraining Deutsch. Langenscheidt. Braucek, B., Castell, A. (2013). Gramática básica del alemán A1-B1. Ed. Idiomas. Hueber. Lemcke, C.; Rohrmann, L. (2006). Grammatik. Intensivtrainer A1. Langenscheidt. Rusch, P.; Schmitz, H. (2007). Einfach Grammatik. Übungsgrammatik Deutsch A1 bis B1. Langenscheidt.  |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | Al Dreyer, H; Scmitt, R (2000). Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik. Hueber. Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana. Idiomas. Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana: Ejercicios. Idiomas. Corcoll, B; Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Gramática. Herder. Corcoll, B; Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Ejercicios. Herder. Fandrych, C; Tallowitz, U (2008). Klipp und Klar. Gramática práctica del alemán. Klett |

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións



Queda expresamente prohibido

o uso de dispositivos móbiles na aula sen autorización previa. Recomendacións para o correcto seguimento da materia

O alumnado deberá planificar o seu traballo ao longo de todo o curso seguindo a materia de forma continuada e realizando as tarefas indicadas en tempo e forma correctas.

O esforzo continuo permitiralle levar a materia de forma cómoda, consolidar os novos coñecementos apoiándose nos anteriores e asumir un ritmo de traballo axeitado seguindo as pautas e indicacións do profesor.

O estudo individual da materia deberá ir ao mesmo tempo co temario e actividades que se desenvolvan na aula.

Recoméndase un mínimo de 4 horas de traballo autónomo por cada 3 horas presenciais.

Dada a complexidade do idioma alemá para alumnos/as hispanofalantes recoméndase especialmente que se leve unha asimilación e estudo dos conceptos adecuado para evitar as présas e falta de tempo a final de curso.

Recomendase a asistencia á titorías personalizadas ao longo do curso para resolver problemas ou dúbidas individuais.

Espérase do alumnado:

? Activa e regular asistencia e participación na aula.

? Traballo constante e preparación previa e posterior das clases.

? Lectura da bibliografía recomendada. Medidas de apoio á diversidade (ADI)

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que requirida adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade.

Poderán pedir asesoramento ao profesorado, á persoa responsable da Facultade e/ou á Unidade de Atención á Diversidade(ADI): <http://www.udc.es/cufie/adi/> (tel. 881015622; email: [adi@udc.es](mailto:adi@udc.es)).

Deberán contactar cos servizos dispoñibles nos prazos oficiais estipulados (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>). Normativa en materia de igualdade

Da cordo coa normativa en materia de igualdade, nesta materia aplícase a perspectiva de xénero mediante linguaxe non sexista e inclusivo, bibliografía de autores/as de ambos os sexos, etc. Así mesmo fomentaranse valores de respecto e igualdade e en caso de detectarse situacións

de discriminación por razón de xénero, adoptaranse as accións e medidas necesarias para corrixilas



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías